

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6434 *Real decreto 418/2014, do 6 de xuño, polo que se modifica o procedemento de tramitación das reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.*

O procedemento para o cobramento da cantidade equivalente ao importe dos salarios que deixase de percibir o traballador como consecuencia dun xuízo por despedimento declarado improcedente viña regulado, até agora, no Real decreto 924/1982, do 17 de abril, sobre reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.

Esta regulación tiña a súa base na previsión dun prazo razoable de emisión de sentenza por despedimento polos órganos xurisdiccionais, transcorrido o cal o empresario ou, se for o caso, o traballador dunha empresa declarada insolvente poderá reclamar ao Estado, que asume as consecuencias da dita demora, as cantidades correspondentes.

Porén, a normativa relativa aos salarios de tramitación a que debe facer fronte o Estado experimentou variacións nos últimos anos.

Así, a Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, regulou as reclamacións ao Estado do pagamento de salarios de tramitación en xuízos por despedimento introducindo unha preceptiva reclamación administrativa previa e regulando os motivos de suspensión do cómputo do prazo cuxo transcurso dá lugar á asunción polo Estado dos salarios de tramitación.

Posteriormente, en virtude da reforma operada polo Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, modifícase o artigo 56.2 do Estatuto dos traballadores e queda restrinxido o dereito ao cobramento de salarios de tramitación aos supostos en que, téndose declarado o despedimento como improcedente, se opte pola readmisión do traballador. Pola súa parte, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modificou o artigo 57 do Estatuto dos traballadores, elevando de sesenta a noventa o número de días hábiles necesarios para que o empresario poida reclamar do Estado o aboamento dos salarios de tramitación, contados desde a data en que se presentou a demanda até a data en que se declarou a improcedencia do despedimento.

Doutro lado, a competencia para resolver este tipo de reclamacións, que estaba atribuída inicialmente ás direccións provinciais de Traballo e Seguridade Social, pasou a ser asumida polos delegados do Goberno, en virtude das modificacións normativas operadas tanto polo Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, de integración das direccións provinciais de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais nas delegacións do Goberno, como polo Real decreto 942/2010, do 23 de xullo, de reestruturación de diversas áreas funcionais integradas nas delegacións do Goberno. Así, como consecuencia da integración dos servizos das extintas direccións provinciais do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais nas delegacións do Goberno, créanse nelas as áreas funcionais de Traballo e Asuntos Sociais que, nas comunidades autónomas pluriprovinciais, se organizarán en dependencias provinciais, integradas na correspondente subdelegación do Goberno. A experiencia acumulada nestes anos revelou que o procedemento que rexe a tramitación e resolución das reclamacións ao Estado dos salarios de tramitación é demasiado complexo e ineficaz por canto interveñen nel diversos órganos de distinto ámbito territorial que dilatan innecesariamente a tramitación e o cobramento das cantidades recoñecidas. Así, ben que corresponde ás delegacións do Goberno a competencia para resolver as reclamacións ao Estado de

salarios de tramitación, o pagamento das cantidades recoñecidas correspóndelle ao Ministerio de Xustiza, en razón da titularidade do correspondente crédito orzamentario.

Por todo isto, considerouse necesario abordar unha nova regulación do procedemento que, adaptada á normativa actual, permita a resolución das reclamacións e, se for o caso, o aboamento das cantidades por este concepto en tempos razoables.

Até agora a tramitación destes expedientes viña exixindo a achega dos puntos específicos detallados no número sétimo da Resolución do 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008 polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei xeral orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos. Entre eles, incluíase a proposta de resolución que o subdelegado do Goberno, por Delegación do delegado do Goberno, elevaba ao Ministerio de Xustiza para obter certificación de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente, ao ser este un requisito imprescindible para a fiscalización previa ante a intervención delegada territorial.

Co obxecto de axilizar o procedemento, modifícanse tanto o citado Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, como o Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, para atribuír, por un lado, ás delegacións e subdelegacións do Goberno a competencia para instruír e emitir a proposta de resolución das reclamacións ao Estado por salarios de tramitación, e, polo outro, á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza a competencia para resolver e, se for o caso, efectuar o correspondente pagamento derivado de tales reclamacións.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza, de Facenda e Administracións Públicas e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto do presente real decreto é a regulación do procedemento sobre reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.

2. O disposto nel será de aplicación no suposto en que a sentenza do órgano xurisdiccional competente que por primeira vez declare a improcedencia do despedimento se dite transcorridos máis de noventa días hábiles desde que se tivo por presentada a demanda, de acordo co previsto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e co establecido nos artigos 116 a 119 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Unha vez firme a sentenza, e sempre que se opte pola readmisión do traballador, poderanse reclamar ao Estado os salarios de tramitación pagados ao traballador –ou non pagados en caso de insolvencia provisional do empresario– e as cotas á Seguridade Social correspondentes aos salarios de tramitación que excedan o dito prazo.

Artigo 2. *Lexitimación.*

Estarán lexitimados para presentar a reclamación tanto o empresario que tendo readmitido o traballador despedido con carácter improcedente pagase os salarios de tramitación como o propio traballador despedido, en caso de insolvencia provisional do empresario.

Artigo 3. *Competencia.*

1. Corresponde ás delegacións e subdelegacións do Goberno a instrución do procedemento até a emisión da correspondente proposta de resolución, que será

trasladada dentro do prazo establecido á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza.

2. A Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza é o órgano competente para a resolución e, se for o caso, para proceder á aprobación e ao compromiso do gasto, así como o recoñecemento e proposta de pagamento das obrigacións económicas derivadas da resolución do dito expediente.

Artigo 4. *Inicio do procedemento.*

1. O empresario, ou o traballador no suposto de insolvencia provisional daquel, poderán reclamar as cantidades correspondentes no prazo dun ano desde a firmeza da sentenza.

2. A reclamación poderase presentar nos rexistros administrativos segundo o previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 20 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 772/1999, do 7 de maio, polo que se regula a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións ante a Administración xeral do Estado, a expedición de copias de documentos e devolución de orixinais e o réxime das oficinas de rexistro.

Poderá tamén presentarse mediante o rexistro electrónico habilitado para o efecto, de acordo co artigo 24 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. A correspondente área ou dependencia de Traballo e Inmigración da delegación ou subdelegación do Goberno instará o interesado a darse de alta no Ficheiro Central de Terceiros da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, segundo o disposto no artigo terceiro da Orde PRE/1576/2002, do 19 xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento das obrigacións da Administración xeral do Estado.

Artigo 5. *Documentación exigida.*

1. Ao escrito de reclamación, en que se deberá indicar o período considerado de salarios de tramitación a cargo do Estado, así como a contía en que se valoran, deberase xuntar, en todo caso:

a) Copia testemuñada da demanda de despedimento, da sentenza que declare a súa improcedencia e da resolución xudicial pola que se determine a readmisión do traballador, ou comparecencia para o efecto.

b) Certificación expedida pola secretaría do órgano xurisdiccional ou tribunal superior de xustiza correspondente, facendo constar a cronoloxía do procedemento ante el para efectos do cómputo do tempo que exceda os noventa días hábiles nos supostos a que se refire o artigo 119 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, especificando o motivo da suspensión, se for o caso, ou a non existencia desta. En todo caso, deberán figurar as datas de despedimento, presentación da demanda, sentenza e a súa notificación e firmeza.

c) Documentación que acredite fidedignamente o pagamento ao traballador dos salarios que se reclaman, así como certificación orixinal da Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa ás cotas ingresadas respecto do traballador despedido pola empresa reclamante, con desagregación mensual de cota patronal e cota obreira, referida ao período comprendido entre a data do despedimento e a da notificación da sentenza pola cal se declara o despedimento improcedente.

d) Informe de vida laboral do traballador. En caso de ter prestado servizos para outra empresa no período de responsabilidade estatal, deberase achegar documentación acreditativa dos salarios percibidos durante ese período. Se, nestes casos, o empresario non puiden obter o informe de vida laboral do traballador, deberá ser a correspondente área ou dependencia de Traballo e Inmigración quen o solicite de oficio.

2. Exixirase documentación adicional nos seguintes casos:

a) No suposto de que se nomee un representante para a tramitación, poder notarial en que se faga constar expresamente o outorgamento do dito poder. Poderase substituír este apoderamento notarial polo outorgamento de poder efectuado ante funcionario competente da delegación ou subdelegación do Goberno, para o que deberán comparecer, para tal fin, nas súas dependencias, representante e representado.

b) En caso de que quen reclame sexa o traballador dunha empresa declarada insolvente, copia testemuñada do auto de insolvencia provisional do empresario, con expresión da data da súa firmeza.

c) Se o traballador reclamante o for dunha empresa en concurso de acredores, deberá presentar certificado do administrador concursal en que este manifieste ter coñecemento da reclamación formulada polo traballador e no cal se indique o estado do procedemento concursal, e que o traballador non cobrou cantidade ningunha a cargo da masa do concurso.

Artigo 6. *Instrución do procedemento.*

1. A delegación ou subdelegación do Goberno emitirá proposta de resolución dentro dos quince días seguintes ao da data de entrada da reclamación no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

2. Nos casos en que non exista constancia suficiente na documentación presentada, requiriranse os informes que se consideren necesarios aos órganos competentes, o que dará lugar á suspensión do procedemento. Tamén se suspenderá o procedemento durante o prazo de emenda de deficiencias da solicitude polo interesado.

3. A proposta de resolución, xunto coa documentación exixida no artigo 5, será remitida o máis axiña posible e, en todo caso, antes de que venza o prazo establecido no número 1 á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Artigo 7. *Terminación do procedemento.*

1. A Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza adoptará e notificará a resolución que en dereito proceda no prazo dun mes desde a recepción da proposta.

2. A resolución da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza pon fin á vía administrativa.

Artigo 8. *Desestimación.*

1. Transcorrido o prazo previsto no primeiro número do artigo anterior sen que se notificase a correspondente resolución, esta poderase entender desestimada.

2. No caso de que a reclamación sexa desestimada pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, o interesado poderá demandar ante o órgano xurisdiccional que coñeceu na instancia do proceso de despedimento conforme o disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Disposición adicional única. *Supletoriedade.*

As disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aplicaranse supletoriamente ao disposto no presente real decreto.

Disposición transitoria única. *Expedientes pendentes de resolución.*

1. Regularanse conforme o disposto no presente real decreto os expedientes que, na data da súa entrada en vigor, estean aínda pendentes de resolución definitiva.

2. De conformidade co regulado pola disposición transitoria sétima do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, as reclamacións de salarios de tramitación a cargo do Estado, referidas a sentenzas que non fosen firmes en 15 de xullo de 2012, estarán suxeitas ao disposto no dito real decreto lei.

3. Naqueles supostos en que o despedimento se producise antes do 12 de febreiro de 2012, é dicir, con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, procederá o recoñecemento de salarios de tramitación tanto nos casos de readmisión como nos que se opte por aboar unha indemnización nos supostos de despedimento improcedente.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 924/1982, do 17 de abril, sobre reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación laboral, así como polo artigo 149.1.18, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, de integración das direccións provinciais de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais nas delegacións do Goberno.*

Modifícase o artigo 4 do Real decreto 2725/1998, do 18 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Competencias dos delegados do Goberno.*

1. Os delegados do Goberno asumirán, en relación cos servizos integrados do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, as competencias previstas no número 1 do artigo 5 do Real decreto 1330/1997, do 1 de agosto, de integración de servizos periféricos e de estrutura das delegacións do Goberno, e ademais as seguintes:

a) Todas aquelas competencias en materia de informes, resolucións e sancións non atribuídas expresamente a un determinado órgano no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 557/2011.

b) A emisión de informes que se establezan na normativa sobre cidadanía española no exterior e retorno, en relación coa resolución de axudas a favor dos emigrantes españois.

c) A instrución e a emisión de proposta de resolución nas reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento, de acordo coas previsións do Real decreto 418/2014, do 6 de xuño, polo que se modifica o procedemento de tramitación das reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.

d) Calquera outra competencia resolutoria cuxa titularidade corresponda aos directores das áreas de Traballo e Inmigración, respecto dos servizos que se integran nas delegacións e subdelegacións do Goberno.

2. Os delegados do Goberno nas cidades de Ceuta e Melilla asumirán as competencias resolutorias ou de emisión de proposta de resolución dos respectivos directores das áreas de Traballo e Inmigración das delegacións e subdelegacións do Goberno.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

1. Engádesse unha nova letra q) ao artigo 4.1 do Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, coa seguinte redacción:

«q) A resolución de expedientes relativos ás reclamacións ao Estado por salarios de tramitación en xuízos por despedimento.»

2. A letra c) do artigo 4.2 do Real decreto 453/2012, do 5 de marzo, queda redactada do seguinte modo:

«c) A Subdirección Xeral de Recursos Económicos da Administración de Xustiza, á que corresponde o exercicio das funcións sinaladas nos parágrafos h), i), j) e q) do número anterior.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN